



Nota de prensa do 24 de xuño

“Día Internacional contra a contaminación electromagnética”

24 de xuño, día Internacional contra a contaminación electromagnética: Organizacións sociais denuncian a CORRUPCIÓN AMBIENTAL do goberno Rajoy cos lobbys empresariais da telefonía e as eléctricas en detrimento da Saúde Pública e o Principio de Precaución.

A Administración do PP, a través do M^o de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, presentou en abril un informe auspiciado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación (COIT), con gran difusión nos medios, que ignora os miles de estudos científicos que constatan os riscos dos campos electromagnéticos (CEM) na saúde e as recomendacións institucionais proteccionistas.

O secretario de estado para a Sociedade da Información e a Axenda Dixital, avalou en abril a presentación do Informe sobre **“Radiofrecuencias y Salud 2016”** ⁽¹⁾ do, auto-denominado “independente”, *Comité Científico Asesor en Radiofrecuencias y Salud* (CCARS).

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), como integrante da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCCEM), reclama dende o ámbito social ^(*) prudencia e rigor aos axentes sociais e medios de comunicación na difusión dun relatorio tendencioso sen consenso internacional e con notábeis e constatábeis incongruencias:

1.- A aposta do Goberno do PP a través do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital polo CCARS, comité dependente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación (COIT), é unha aposta por unha organización opaca privada ⁽²⁾ e tendenciosa cun criterio lobista empresarial, sen o máis mínimo control ético nin de legalidade democrática:

- O COIT, editor do informe CCARS, **NON** ten como obxectivo estatutario a **defensa da saúde**, senón os seus intereses gremiais e, por extensión, os dos lobbys empresariais relacionados.

- O CCARS **NON** figura entre os Organismo Públicos de Investigación regulados pola Lei ⁽³⁾ nin cumpre cos requisitos éticos básicos de transparencia, independencia e pluralidade de criterios

- O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, invade as competencias de coordinación ^(4 e 5) en prevención e protección ambiental do Ministerio de Sanidade (e das CC. Autónomas), en canto ao “impacto potencial na saúde da exposición a emisións electromagnéticas”, como na aplicación do Principio de Precaución, que contempla limitar ao prohibir unha actividade “cando houbera incerteza científica sobre o carácter do risco”.

2.- O informe CCARS nega ⁽⁶⁾ e banaliza miles de estudos científicos ⁽⁷⁾, revisados entre pares acreditados neste asunto, desprezando as chamadas ao principio de precaución ⁽⁸⁾ e mostrando unha vontade excesiva para resolver unha cuestión que segue a acumular evidencia científica. A desinformación do informe do CCARS impulsado polo COIT, manifesta o conflito de intereses en favor dos intereses industriais de curto prazo, preparando a implantación de redes 5G e a expansión desregulamentada de redes e dispositivos sen fíos, en detrimento de opcións tecnolóxicas biocompatíbeis do cable ou baseadas na luz visíbel.

Asociacións que representan a miles de médicos ^(7c) e máis de 17 axencias governamentais de saúde ⁽⁸⁾ apoian a redución da exposición á radiación sen fíos da telefonía móbil.

Diferentes países europeos ⁽⁹⁾ xa aplican algunha das medidas proteccionistas solicitadas pola Resolución 1815 da Asemblea Parlamentar do Consello de Europa ⁽⁸⁾, como a prohibición das redes Wi-Fi e tecnoloxías sen fíos nas escolas infantís (Francia ⁽¹⁰⁾, Chipre ⁽¹¹⁾ e concellos



Nota de prensa do 24 de xuño

“Día Internacional contra a contaminación electromagnética”

como Hospitalet de Llobregat ⁽¹²⁾, ou o uso de sistemas bio-compatíbeis, que contemplan a comunicación con luz visible –LIFI- ⁽¹³⁾ como a instalada no Hospital francés de Perpiñán ⁽¹⁴⁾.

A APDR, xunto as organización da PECEM, require, ao Goberno central e a Xunta, deixar de avalar actos e organizacións de interese de parte, que vulneran ética e legalidade, para comezar un proceso participativo das partes implicadas que proceda a una **regulación proteccionista da contaminación electromagnética** ⁽¹⁵⁾ que compaxine tecnoloxía e saúde.

** A Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECEM) componse de Confederacións e federacións de asociacións veciñais (como CEAV, FRAVM, CAVA,...), colectivos ecoloxistas e ambientais (como os máis de 300 grupos que compoñen a confederación de Ecoloxistas en Acción u organizacións de implantación local como a APDR), asociacións de pais e nais, de consumidores (como FACUA de Castela e León), de persoas afectadas de síndrome de sensibilización central como a electrosensibilidade e a sensibilidade química múltiple (como EQSDS e SOS EHS-EASC) e de colectivos e asociacións, en xeral, preocupadas polos efectos para a saúde da crecente contaminación electromagnética (como a asociación pioneira AVAATE).*

- 1) Ver [páxina web do COIT](#) titulada “Presentación del Informe sobre Radiofrecuencias y Salud 2016”.
- 2) “Para quen traballa o Comité Científico Asesor en Radiofrecuencias e Saúde (CCARS)?”. [AVAATE 2017](#)
- 3) [Lei 14/2011](#), de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, regula os Organismos Públicos de Investigación, que en todo caso, non contempla ao comité asesor del COIT.
- 4) [Real Decreto 1066/2001](#). Ver: art. 7: “o Ministerio de Sanidade y Consumo, en coordinación coas Comunidades Autónomas, avaliará os riscos sanitarios potenciais da exposición do público en xeral ás emisións radioelétricas...” e “desenvolverá os criterios sanitarios destinados a avaliar as fontes e prácticas que podan dar lugar á exposición a emisións radioelétricas da poboación, có fin de aplicar medidas para controlar, diminuír ou evitar esta exposición.”... “Así mesmo, o Ministerio de Sanidade e Consumo adaptará ao progreso científico o anexo II, tendo en conta o principio de precaución...”.
- 5) Ver [Lei 33/2011](#), de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública:

Artigo 12.2 que recolle como factores a ter en conta na **vixilancia da saúde pública** “Os riscos ambientais e os seus efectos na saúde, incluída a presenza dos axentes contaminantes no medio ambiente e nas persoas, **así como o impacto potencial na saúde da exposición a emisións electromagnéticas**”.

Artigo 3. Dos principios xerais en saúde pública. As Administracións públicas e os suxeitos privados, nas súas actuacións de saúde pública e accións sobre a saúde colectiva, estarán suxeitos aos seguintes principios: “d) **O Principio de Precaución. A existencia de indicios fundados dunha posible afectación grave da saúde da poboación, aínda cando houberse incerteza científica sobre o carácter do risco, determinará a cesación, prohibición ou limitación da actividade sobre a que concorran**”.

Artigo 31.1: “Corresponde ao Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade facer efectiva a coordinación do Estado coas Administracións públicas e os organismos competentes, no exercicio das actuacións destinadas á prevención e protección fronte a riscos ambientais para a saúde”.

- 6) Ver monografía da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) [“Leccións tardías de alertas temperás: ciencia, precaución, innovación”](#) (2013). No [capítulo 7](#) “A manipulación da investigación pola industria tabaqueira” describe as “estratexias da industria do tabaco para manipular os datos sobre os riscos: financiar a investigación que apoie a posición do grupo de interese, esconder a participación da industria na investigación, publicar investigacións que apoiem a posición do grupo de interese, suprimir a investigación que non apoia a posición do grupo de interese, criticar a investigación que non apoia a posición do grupo de interese, cambiar as normas científicas, difundir os datos dos grupos de interese ou a interpretación do risco na prensa especializada, divulgar os datos dos grupos de



Nota de prensa do 24 de xuño

“Día Internacional contra a contaminación electromagnética”

interese ou a interpretación do risco directamente aos encargados de formular las políticas”. Nas conclusións ([capítulo 28](#)) se alerta de que ante problemáticas complexas e con incertidumes nas que se debería aplicar o Principio de Precaución, hai prácticas industriais que seguen as estratexias iniciadas pola industria do tabaco na década dos 50 del século XX para “negar, minimizar, distorsionar e depreciar a crecente evidencia”, desviando “o foco das medidas de precaución **fabricando a dúbida**” e fomentando o concepto da certeza absoluta como a única “boa ciencia” para retrasar as lexislacións de precaución.

Ver o artigo [“Science for Skeptics: Myth Versus Fact on Cell Phones and Wi-Fi”](#) de Environmental Health Trust (2017), que examina unha a unha as principais declaracións erróneas e negacionistas. “A estratexia de relacións públicas da fabricación da dúbida utilizouse a miúdo para retrasar as políticas para controlar ou reducir os riscos ambientais, xa sexa o tabaco, o cambio climático, o amianto, o cloruro de vinilo, a radiación de teléfonos móbiles ou outros axentes. Aquí identificamos e rexeitamos as declaracións erróneas que aparecen nos medios de comunicación en resposta aos resultados científicos que suxiren que a radiación do teléfono móbil podería ser perigosa”.

7) Miles de estudos científicos alertan de riscos dos campos electromagnéticos: ver revisións bibliográficas como o [Informe BioInitiative](#) (2007-2012-2014, revisión de máis de 4.000 estudos), ou as da International Commission for Electromagnetic Safety ([ICEM](#), 2010) e o [C4ST](#) (2017).

Se a [Axencia Internacional de Investigación do Cancro \(IARC\)](#) da OMS clasificaba en 2011 os CEM de radiofrecuencias como posible canceríxeno (grupo 2 b) e o seu director chamaba a aplicar xa “medidas pragmáticas” para reducir a súa exposición, o [Informe BioInitiative](#) na súa [actualización do 2014](#), incide, entre outras cuestións, en que **xa existen probas suficientes de canceroxenicidade para o home**, e reafírmase en 2016 ao valorar os primeiros datos do [estudo do Programa Nacional de Toxicoloxía](#) (NTP) de EUA, cuestionando novamente os límites de seguridade pública.

- En **2015** o [chamamento Internacional](#) á OMS e á ONU de **225 científicos e expertos de 41 países**, con artigos revisados entre pares sobre os efectos biolóxicos ou sobre a saúde dos CEM, súmanse a [chamamentos científicos anteriores](#), alertando e pedindo protección ante devanditas radiacións que **“afectan aos organismos vivos moi por baixo das directrices internacionais e nacionais”**, incluíndo “aumento de risco de cancro, estrés celular, aumento de radicais libres daniños, danos xenéticos, cambios estruturais e funcionais do sistema reprodutor, déficit na aprendizaxe e a memoria, trastornos neurolóxicos e efectos negativos no benestar xeral dos seres humanos”.

- [Numerosas asociacións profesionais \(miles de médicos\)](#) xa aconsellan aplicar o Principio de precaución no ámbito de dispositivos emisores de campos electromagnéticos.

- A negación da electrohipersensibilidade no informe do CCARS, que potencia a vulneración dos dereitos e liberadas das persoas afectadas (tal e como refire o punto 2.8 e 3 do ditame do 2015 sobre [hipersensibilidade electromagnética](#) da Sección TEN do Comité Económico e Social Europeo –CESE-), busca xustificarse nun efecto nocebo descartado pola comunidade científica independente ante a evidencia de [respostas fisiolóxicas](#) obxectivadas, como recolle a [Declaración Científica Internacional de Bruxelas sobre EHS e SQM \(2015\)](#) e a [Guía da Academia Europea de Medicina Ambiental \(2016\)](#).

8) Sobre as chamadas de institucións europeas cara a aplicar o principio de precaución:

- Precedido de outras resolucións [Axencia Europea de Medio Ambiente ([2007](#), [2009](#), [2013](#)), Parlamento europeo ([2008](#) y [2009](#)), ...], a [Asemblea Parlamentar do Consello de Europa \(APCE\) na súa Resolución 1815](#) (2011) chamou a aplicar o Principio de Precaución ante os efectos biolóxicos para a saúde dos CEM (especialmente os dispositivos sen fíos -móbiles, WiFi, etc.- na poboación infantoxuvenil), recomendacións recollidas e reforzadas no **ditame sobre “hipersensibilidade electromagnética”** da [Sección TEN do CESE](#) en 2015.

- **Máis de 17 axencias governamentais de saúde** de distintos países do mundo xa emitiron recomendacións para reducir a exposición aos teléfonos móbiles e dispositivos sen fíos debido á falta de datos de seguridade. Ver no enlace do punto 9). Ver documento da [axencia francesa ANSES](#) de 2016.

9) Ver “[Database of Worldwide Policies on Cell Phones, Wireless and Health](#)” Environmental Health Trust (revisión do 2017).



APDR



Nota de prensa do 24 de xuño

“Día Internacional contra a contaminación electromagnética”

10) Ver o artigo 7 da [Lei francesa nº 2015-136](#) do 9 de febreiro de 2015 (« relative à la sobriété, à la transparence, à l'information et à la concertation en matière d'exposition aux ondes électromagnétiques »), na que prohibe as redes Wi-Fi nos centros infantís para menores de tres anos, así como a desactivación de ditas redes sen fíos na escola primaria cando non se utilizan para as actividades dixitais educativas. No seu artigo 6 tamén aproba campañas de sensibilización sobre o uso responsábel e prudente dos dispositivos móbiles e as precaucións para o uso dos dispositivos que utilizan radiofrecuencias.

Entre outras medidas proteccionistas, a [Lei francesa N° 2010-788](#), no seu artigo Art. L. 511-5, tamén prohibe o uso da telefonía móbil en menores de 14 anos nos centros de ensino. No artigo Art. L. 5231-3 prohibe calquera publicidade que teña por obxecto a venda ou uso de teléfonos móbiles a menores de 14 anos.

11) En xaneiro de 2017, o [Ministerio de Educación e Cultura da República de Chipre](#) aplica o **Principio de Precaución deshabilitando as redes de fío Wi-Fi nas escolas infantís e recomendando limitar o seu uso nas escolas primarias.**

12) En Abril de 2014, O [Concello de Hospitalet de Llobregat](#) aprobou desactivar “todos os Wifis sen fíos nas escolas municipais de educación infantil (0-3 anos) para reducir as emisións que afectaban a estes centros”.

13) Ver información sobre o Li-Fi en [Wikipedia](#) e “[A Comparative Study and Analysis on Li-Fi and Wi-Fi](#)” de Ashmita Shetty en [International Journal of Computer Applications](#) (0975–8887) Volume 150 – No.6, September 2016.

14) Ver vídeo de allodocteurs.fr sobre o [despregue do Li-Fi no hospital francés de Perpiñán.](#)

15) Ver [Manifesto europeo por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos \(CEM\) que protexa realmente a saúde pública.](#) Ver [asinantes do manifesto.](#)